

Afundación presenta canda Camerata Arven un ciclo de concertos para *redescubrir* a música clásica

I A rolda de prensa de presentación do proxecto tivo lugar esta mañá na Sede Afundación Pontevedra

10.03.2022. Afundación, en colaboración coa Camerata Arven, presentou esta mañá na Sede Afundación Pontevedra o ciclo de concertos «Do silencio á emoción», cuxo propósito é invitar a redescubrir a música clásica dun xeito diferente, rompendo barreiras entre público e artistas e cunha conxunción multidisciplinar, na que a danza, a pintura, a literatura ou o teatro se fusionan coa música. Con catro concertos programados, o primeiro dos recitais terá lugar o 24 de marzo ás 20.30 h no Auditorio Sede Afundación Pontevedra. As entradas están dispoñibles en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com).

Á rolda de prensa asistiron F. Javier Morgade Dobaño, membro fundador de Camerata Arven; Diego Landín, director do Ballet de Galicia; Marc Taeger, debuxante; e Marité Cores, coordinadora da Área de Cultura de Afundación.

Desde a Camerata Arven, Dobaño destacou que «hai moita xente a quen lle gusta a música clásica, pero aínda non o sabe. É porque ás veces parece elitista, por iso precisamos romper esa barreira». Nesa visión participativa incidiu Taeger: «As intervencións coa música permiten saír do traballo do ilustrador e ser parte da banda. Estarei debuxando en tempo real e o público vai poder seguir todo o traballo de preto, sobre o papel, xa que teremos unha cámara cenital». E esta multidisciplinidade complementase coa danza. «Bailar con músicos en directo é moi especial. A nosa principal función é achegar o ballet a todos os públicos. Ás veces vendo danza créase unha distancia e non se entende o que se ve. No espectáculo comezaremos cun baile sinxelo e evolucionaremos ata o profesional, para ver a danza desde todas as perspectivas», comentou Diego Landín. Marité Cores, pola súa parte, subliñou «a relevancia para Afundación dun ciclo orixinal e arriscado, e á vez necesario para romper as barreiras ou prexuízos cara á música considerada clásica ou culta, utilizando

como ferramenta as artes escénicas e visuais».

O material gráfico e textual está dispoñible aquí:

<https://drive.google.com/drive/folders/1rIEQ1fDpY92pq5no3sv76dZQtIGE2f8E?usp=sharing>

Este ciclo está incluído no programa solidario de Afundación «Cultura por alimentos», mediante o cal a entidade invita todas as persoas que asistan a estes espectáculos a colaborar con esta campaña solidaria. Trátase dunha iniciativa de apoio a Ucraína no marco do proxecto «Cultura por alimentos» que, a raíz do drama humanitario que se vive neste país, se implica tamén coas persoas refuxiadas e a súa cidadanía. Afundación invita os asistentes ao acto a que, seguindo as recomendacións das entidades que están a traballar sobre o terreo, entreguen prioritariamente alimentos precociñados e latas de conserva, alimentos infantís, produtos hixiénico-sanitarios infantís e femininos e medicamentos e material de primeiros auxilios, que poderán depositar á entrada do recinto nos colectores dispostos para este fin.

«Do silencio á emoción»

É un ciclo de concertos que invita a descubrir a música clásica desde un punto de vista diferente ao habitual, rompendo barreiras entre público e artistas, cunha programación integrada noutras artes escénicas como a danza, a pintura, a literatura ou o teatro. Ao inicio de cada concerto farase un breve repaso sobre a historia do repertorio dunha maneira próxima que permita desfrutar moito máis do que a continuación se escoitará e no cal o público poderá participar preguntando calquere curiosidade sobre a música, os instrumentos ou a agrupación. A outra novidade de achegar a música ao oínte é dunha maneira máis literal, e será dando a oportunidade a un grupo de persoas de compartir escenario coa propia agrupación, podendo vivir a experiencia de sentar tan preto que poderá ter contacto coa partitura, a agrupación e o resto do público. E todo iso, con catro concertos.

O primeiro deles, a Camerata Arven e o Ballet de Galicia (Diego Landín) farán desfrutar a través da música e a danza do *Carnaval de los animales*. No segundo poderase desfrutar da estrea de *Anrewerna Obertura*, dedicada á Camerata Arven, do

compositor Rubén Martínez Varelles, ademais da *Sinfonía n.º I*, de G. Mahler, en versión de 14 instrumentos, baixo a dirección do mestre David Fiuza. O terceiro será un programa para mozos de 0 a 100 con, entre outras, obra como *O neno de pao* (Toni Cantal), un conto baseado na historia de Pinocho con debuxos en vivo realizados polo artista Marc Taeger. No último concerto do ciclo sacarase á luz a increíble música de cámara dos grandes compositores no esquecemento da programación das grandes producións e que, paradoxalmente, son a esencia da música.

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa [SALA DE PRENSA](#).